

O GROVE**A N U N C I O**

Aprobado definitivamente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2012 o Regulamento de uso das instalacións deportivas municipais (IDM) do Concello do Grove, publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e o regulamento aprobado pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**REGULAMENTO DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (IDM)
DO CONCELLO DO GROVE***CAPÍTULO I. REGRAS XERAIS DE USO**ARTIGO 1. OBXECTO*

É obxecto deste regulamento a ordenación do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Ilustrísimo Concello do Grove e dítase ao amparo das competencias que nesta materia lles atribúe aos municipios o artigo 25m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación co artigo 49 do citado texto legal; o artigo 55 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en material de réxime local, e o artigo 50.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento seralles de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais e a todos os usuarios particulares e asociacións, clubs, federacións, agrupacións, ANPA, etcétera que fagan uso destas.

ARTIGO 3. FORMA E XESTIÓN

As IDM serán xestionadas directamente polo Concello do Grove de acordo coa distribución de competencias dos distintos órganos municipais establecida no presente regulamento.

ARTIGO 4. NATUREZA XURÍDICAS DAS IDM

Os inmobles das IDM son bens de dominio público e figuran inscritos con ese carácter no Inventario de Bens do Concello do Grove.

Enténdese por IDM, para os efectos deste regulamento, toda instalación, campo, espazo ou dependencia, de calquera característica, tanto ao aire libre como cuberta, pechada ou aberta, adicada á práctica do deporte e á actividade física. Incluindo as zonas de equipamento complementarias ou funcionais como bancadas, vestiarios, almacéns, etc.

ARTIGO 5. DESTINO AO USO DEPORTIVO

Como norma xeral, as IDM destinaranse á práctica de toda clase de disciplinas deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou de lecer, sen prexuízo de utilizalas ocasionalmente para a realización doutras manifestación artísticas, culturais, sociais e de relevancia para a comunidade. As instalacións deberanse respectar e manter no mellor estado posible, a fin de prolongar a súa utilización.

ARTIGO 6. ACTIVIDADES DAS IDM

As IDM poderanse utilizar para as seguintes actividades:

- a) Actividades, competicións e espectáculos deportivos que se axeiten ás características das instalacións.
- b) Adestramentos de clubs, centros escolares, entidades e asociacións deportivas municipais.
- c) Actividades e espectáculos de carácter mixto nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan o estritamente deportivo.
- d) Acontecementos relacionados coa natureza cultural, artística ou festiva.
- e) Desenvolvemento de actos públicos non citados anteriormente e que teñan un marcado interese xeral. Neste suposto sería preciso unha autorización específica do órgano competente para cada caso.

*CAPÍTULO II. COMPETENCIAS E FUNCIONALIDADES**ARTIGO 7. COMPETENCIA PARA A AUTORIZACIÓN DE ACTOS NON DEPORTIVOS*

A Xunta de Goberno do Concello do Grove, alcalde ou concelleiro terán a competencia necesaria para autorizar ou denegar a utilización das IDM recollidas nos apartados d) e e) do artigo anterior e será necesario o informe da Concellería de Deportes.

ARTIGO 8. COMPETENCIA PARA A AUTORIZACIÓN DE ACTOS DEPORTIVOS MIXTOS

A Alcaldía ou o Servizo Municipal de Deportes (dependente da Concellería de Deportes) terán a competencia para resolver os pedimentos de autorización para os acontecementos previstos nos apartados a), b) e c) do artigo 6, así como para tramitar e impoñer as sancións que correspondan por infrinxir as normas do presente regulamento, a non ser que a Alcaldía delegue a devandita facultade na Xunta de Goberno.

ARTIGO 9. COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Son competencias do Pleno da corporación municipal as seguintes:

- a) A aprobación, modificación e derogación deste regulamento.
- b) A aprobación das directrices e das pautas que se deberán seguir na utilización das IDM, por proposta do Servizo Municipal de Deportes.
- c) A aprobación das actuacións programadas anualmente, por proposta do Servizo Municipal de Deportes.

ARTIGO 10. COMPETENCIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

Son competencias do Servizo Municipal de Deportes:

- a) Redactar o proxecto de utilización das IDM.
- b) Elaborar os informes que lle soliciten en materia de deportes os distintos órganos municipais.
- c) Establecer as directrices para elaborar o horario de utilización das IDM.
- d) Proponer convenios coas distintas asociacións e entidades deportivas sobre a utilización das IDM.
- e) A xestión ordinaria das IDM e o exercicio das competencias non atribuídas a outros órganos municipais.
- f) O exercicio das atribucións que lle sexan delegadas pola Alcaldía en materia de autorización para os usos recollidos nos apartados a), b) e c) do artigo 6.

ARTIGO 11. FUNCÍONS DO TÉCNICO DEPORTIVO MUNICIPAL

O técnico deportivo terá as seguintes funcións:

- a) Programar actividades deportivas e actividade física para a cidadanía do Grove.
- b) Establecer relacións con asociacións deportivas ou clubs locais, sendo a primeira persoa de contacto na súa relación co Concello do Grove.
- c) Revisar a información que presentan os clubs e asociacións para ter dereito ás subvencións.
- d) Organizar campionatos deportivos locais.
- e) Organizar/coordinar espazos deportivos e instalacións deportivas.
- f) Facer propostas de xestión de orzamentos municipais e subvencións en materia deportiva.
- g) Coordinar e seguir todas as actividades deportivas e eventos.
- h) Propoñer a creación e a planificación de novas actividades deportivas de acordo coas necesidades detectadas.
- i) Xestionar as inscricións nas actividades organizadas polo Concello.
- j) Organizar e coordinar as escolas deportivas municipais.
- k) Impartir actividades físico-deportivas/formación.
- l) Promover o exercicio físico entre a poboación.
- m) Coordinar o persoal adscrito ao departamento.

ARTIGO 12. FUNCÍONS DO ENCARGADO DAS IDM

O encargado das IDM terá as seguintes funcións:

- a) Custodiar os inmobles, as súas dependencias e os demais elementos integrados nelas.
- b) Abrir e pechar as instalacións (se non están baixo réxime de concesión a clubs ou asociacións), así como manter a orde durante a celebración dos eventos realizados.
- c) Realizar labores de mantemento, limpeza, conservación e vixilancia das instalacións, así como reparar pequenos danos ou avarías que se rexistren.
- d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos da instalación.
- e) Facer respectar o horario de utilización da instalación.
- f) Resolver as incidencias que se produzan na preparación ou desenvolvemento das actividades das Instalacións que requiran resolución inmediata.
- g) Facer cumprir as ordes e instrucións que lle dean desde o Servizo de Deportes Municipal e a Alcaldía, no ámbito das súas funcións.
- h) Comunicarlle ao técnico deportivo municipal as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan nas instalacións, coa maior brevidade posible.
- i) Realizar os informes de incidentes e o inventario de mobles, materiais e equipamentos, a modo de comprobación destes. Este documento será válido para interpoñer as sancións correspondentes, segundo se describe no capítulo V do presente regulamento.

*CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS**ARTIGO 13. DEFINICIÓN DE USUARIO*

13.1. Para os efectos do presente regulamento, enténdese por usuario das IDM toda persoa ou entidade que utilice estas, ben participando en programas deportivos programados, ben participando como cesionario dos ditos espazos deportivos.

13.2. Os acompañantes e espectadores terán a consideración de usuarios pasivos, aplicándose-lles estas normas ata onde poida chegar a súa responsabilidade durante a súa estancia na instalación.

13.3. Só os usuarios poderán facer uso das IDM e dos servizos adscritos a estas.

ARTIGO 14. DEREITOS DE USO

- a) Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso e uso das IDM en condicións de igualdade, con suxeición aos principios democráticos de convivencia, ás normas que contén este regulamento e ás instrucións que na súa execución diten a Alcaldía, o Servizo Municipal de Deportes e os encargados da xestión das IDM.
- b) As portas das IDM permanecerán abertas ao público dentro dos horarios establecidos para cada tempada.
- c) O usuario axustarase ás directrices e condicións marcadas pola autorización do Servizo Municipal de Deportes e polo presente regulamento.
- d) Os usuarios teñen dereito a que se respecte a súa integridade e dignidade persoal.
- e) A seren tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta os servizos.
- f) A atoparen as instalacións, o mobiliario e o material deportivo en perfectas condicións de uso.
- g) No Servizo Municipal de Deportes existen impresos nos que os usuarios poderán expresar libremente e por escrito calquera reclamación ou suxestión.

ARTIGO 15. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS

- a) Os usuarios teñen a obriga inescusable de colaboraren no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e do mobiliario da instalación.
- b) As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia dunha utilización impropia ou negligente darán lugar a responsabilidades por parte do seu autor/es, ou do responsable ou titor, que lles serán esixidas polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo isto sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.
- c) Gardar o debido respecto aos demais usuarios, persoal e público, mantendo a compostura necesaria para a debida convivencia, e efectuar a práctica deportiva coa vestimenta e calzado adecuados.
- d) Cumprir coa normativa específica de cada instalación.
- e) Aboar os prezos públicos das instalacións e servizos de conformidade coa oportuna ordenanza municipal.

ARTIGO 16. PROHIBICIÓNS

- a) Está prohibido o consumo de calquera tipo de bebidas no terreo de xogo e nos vestiarios das IDM, agás as propias dos deportistas: bebidas isotónicas, auga...
- b) Está prohibido fumar, así como consumir bebidas alcohólicas, en calquera das IDM, incluso na cafetería, cantina ou bar.
- c) Para certos casos, dítanse normas específicas co fin de prolongar o uso no tempo das instalacións. Estas normas expóñense debidamente para o coñecemento dos usuarios e do público das IDM.

ARTIGO 17. VESTIARIO DEPORTIVO

É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para o adestramento ou para a práctica de actividades desa natureza nas IDM. En especial, non se permitirá baixo ningún concepto o acceso ao terreo de xogo sen o calzado axeitado. Será obrigatorio nas duchas o uso de calzado adecuado por motivos de hixiene.

*CAPÍTULO IV. SOLICITUDE E CANON DAS IDM**ARTIGO 18. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES*

A tramitación das solicitudes de autorización, que será obrigatoria, é a seguinte:

- a) Deberase presentar a solicitude cun mes de antelación e os clubs, antes de comezar cada tempada, especificarán a actividade que se vai desenvolver.
- b) En períodos en que as competicións deportivas estean na súa maioría rematadas, o Concello poderá habilitar máis horas para a utilización das IDM.
- c) A distribución de horas para a utilización das IDM será feita polo Servizo Municipal de Deportes, unha vez rematado o prazo de solicitude de uso das IDM por parte dos clubs ou asociacións interesadas.
- d) As instalacións poderán ser solicitadas por entidades ou por grupos de usuarios e accederase á súa petición segundo o seu interese social e a disposición de horarios. Deberán facer constar na solicitude a súa denominación, as modalidades deportivas que practican, así como o nome, apelidos, enderezo postal e teléfono de contacto de dous dos seus representantes.
- e) As escolas deportivas municipais terán preferencia na utilización da IDM as horas que o Servizo Municipal de Deportes considere necesarias.
- f) Así mesmo, tamén terán preferencia de uso todos aqueles programas de promoción deportiva dependentes da Concellería de Deportes.
- g) Os centros educativos teñen preferencia para a utilización das IDM no horario lectivo, sempre que non houber unha actividade de maior importancia.

ARTIGO 19. ANULACIÓN DE RESERVA DE USO

1. O usuario que estea autorizado para utilizar unha IDM e que por causa xustificada non a vaia usar, deberá advertirlllo ao encargado da instalación cunha antelación mínima de 48 horas.

2. Non se permite a cesión do uso das IDM a terceiros, a non ser coa autorización expresa do alcalde ou do concelleiro delegado de Deportes.

3. O Servizo Municipal de Deportes poderá deixar sen efecto a autorización por algún dos seguintes motivos:

- Non seguir as instrucións do persoal das IDM.
- Non facer un uso adecuado das IDM.
- Posuír faltas anteriores á solicitude.
- Comportamentos pouco cívicos ou antideportivos dalgún compoñente da entidade ou club autorizado.
- Baixa asistencia de xogadores aos adestramentos de forma reiterada, sen causa xustificada.

ARTIGO 20. ABOAMENTO DA TAXA DE USO

1. Os usuarios estarán obrigados ao aboamento das taxas de utilización das IDM aprobadas polo Pleno da corporación ao recibiren a autorización de uso, a non ser nos casos en que proceda a súa bonificación ou o seu uso de balde.

2. A cantidade estipulada en concepto de fianza e a taxa efectuaranse cubrindo unha solicitude dispoñible na Tesourería. O xustificante de pagamento entregaráselle ao encargado da IDM cunha antelación de 24 h, para que este faga o informe da instalación. En caso de danos, procederase a unha avaliación destes e a un cobramento proporcional da fianza depositada polo solicitante, sen lugar a reclamación por parte do seu autor/es, ou do responsable ou titor, que lles serán esixidas polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico e este regulamento. Todo isto sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

1.3. As taxas estipuladas están descritas no anexo de taxas, ao final deste documento.

*CAPÍTULO V. NORMAS ESPECIAIS PARA OS CLUBS**ARTIGO 21. RESERVA DE USO DE LONGA DURACIÓN OU DUNHA TEMPADA DEPORTIVA*

1. Poderán acollerse a este sistema de alugamento aqueles clubs que participen en competicións oficiais ou clubs inscritos no rexistro municipal.

2. Os clubs que desexen empregar de forma regular algunha Instalación para adestramentos deberán cubrir no prazo establecido, e antes do seu uso, a solicitude respectiva no Servizo Municipal de Deportes.

3. Os clubs ou equipos que desexen utilizar as Instalacións para xogar partido/s das súas respectivas competicións, unha vez autorizados, deberán entregar no Servizo Municipal de Deportes o calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade que corresponda, e no que constarán os datos desta.

4. Para a concesión deste tipo de uso, entenderanse como prioridades o seguinte:

- Que a entidade, club ou equipo se atope dado de alta no REDIM.
- Que se lle concedese a petición de uso para adestramentos.
- Que participen en competicións oficiais federadas.

Ademais destes requisitos, valorarase:

- Nivel de competición: nacional, rexional, provincial ou local
- Divisións superiores sobre inferiores
- Categorías

Responsabilidades

Os clubs, entidades ou asociacións deportivas ás que pertencen os autores dos danos ou perdas que se causen nas IDM son solidariamente responsables con eles.

Todos os clubs aos que se lles permita a utilización dunha IDM deben posuír un seguro de responsabilidade civil propio.

ARTIGO 22. INEXISTENCIA DE DEREITOS ADQUIRIDOS

O uso das instalacións durante unha ou máis tempadas non comporta ningún dereito adquirido para as seguintes. Os clubs locais terán preferencia con respecto a outros clubs de fóra do concello do Grove.

ARTIGO 23. HORARIOS

O reparto dos horarios de utilización das IDM entre os distintos clubs será elaborado polo Concello, logo da petición por escrito nos prazos indicados dos clubs interesados. O horario será de coñecemento público para as posibles peticións de actos extraordinarios.

Como norma xeral, os sábados e os domingos reservaranse para competicións deportivas con suxeición á programación anual existente.

O Concello poderá introducir modificacións nos horarios aprobados cando razóns de interese público o esixan. Tal contingencia seralles notificada aos afectados.

ARTIGO 24. PERSOAL AUXILIAR

Os clubs, entidades e asociacións deportivas son responsables de que durante o adestramento e os partidos estea nos bancos ou no terreo de xogo o persoal que corresponda.

En todo momento de uso dunha IDM terá que haber con cada equipo un adestrador responsable, que será identificado cando se fai a petición dos horarios.

ARTIGO 25. VESTIARIO

Cada equipo usará os vestiarios que se lle asignen, evitando en todo momento o seu mal uso co fin de garantir o longo e bo funcionamento destes. Se están exentos de taxa de uso, deben encargarse da súa limpeza.

ARTIGO 26. PROFESORES E ADESTRADORES DE EQUIPOS ESCOLARES

Os equipos que vaian desenvolver calquera tipo de actividade deportiva irán sempre acompañados polos profesores, adestradores ou responsables que lles correspondan. Previa información ao Servizo Municipal de Deportes.

*CAPÍTULO VI. IMAXE E PUBLICIDADE NAS IDM**ARTIGO 27. SOLICITUDES*

A imaxe e publicidade nas IDM é competencia exclusiva do Concello do Grove. Poderase chegar a acordos cos clubs, asociacións ou empresas privadas para a explotación destas, sempre baixo unhas normas básicas:

- a) Deberáselle solicitar unha autorización ao Concello do Grove para colocar calquera tipo de publicidade nunha IDM.
- b) A duración da colocación poderá ser por un encontro, evento, período, tempada deportiva ou varias tempadas, no caso de non existir inconvenientes para isto.
- c) Nesa solicitude deberase especificar o lugar, as dimensións e os contidos dela.

ARTIGO 28. MATERIAIS PUBLICITARIOS

Queda totalmente prohibido utilizar materiais publicitarios permanentes, tales como murais pintados. Sempre se empregarán fórmulas publicitarias non fixas.

ARTIGO 29. NORMATIVAS APLICABLES

A publicidade nas IDM, tanto permanentes, puntuais, móbiles ou estáticas, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica sobre menores, alcohol, tabaco e substancias estupefacientes.

ARTIGO 30. PUBLICIDADE NO TERREO DE XOGO

Non se poderá colocar ningún elemento publicitario sobre o terreo de xogo, salvo autorizacións excepciónais que deberán contar cun documento no que os solicitantes se comprometan a custear todos os danos ocasionados.

*CAPÍTULO VII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**ARTIGO 31. RÉXIME XERAL DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN*

1. A infracción das obrigas e das demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste regulamento poderán ser obxecto dun procedemento sancionador nos termos do art. 127 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Regulamento de desenvolvemento da citada, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 agosto.

2. Os responsables das instalacións, servizos e actividades teñen a facultade de apercibir, e incluso de expulsar do centro de forma preventiva ata a resolución do informe de incidencia, a aquelas persoas que non observen a conduta debida.

3. Os responsables dos equipos poden solicitarlle ao responsable das instalacións que aos adestramentos non poida asistir público se non permite o correcto desenvolvemento das sesións.

ARTIGO 32. INFRACCIÓNS

1. Terán consideración de infracción leve:

- a) Incumprir algunhas das obrigas establecidas neste regulamento por parte dos usuarios cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave ou moi grave.
- b) Tratar incorrectamente a calquera usuario, persoal técnico ou demais persoal que realice funcións na instalación.
- c) Causarlle danos por comportamento imprudente ou negligente ás instalacións ou ao equipamento destas por un importe inferior a 100 €.
- d) Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades ou servizos ditadas no ámbito das súas funcións.
- e) Ocasionar balbordos ou calquera outra acción non prevista como grave ou moi grave que interrompa o desenvolvemento das actividades.

2. Terán a consideración de infracción grave:

- a) Alterar a convivencia nos distintos espazos e servizos do centro cívico.
- b) Alterar o funcionamento do centro.
- c) Incumprir reiteradamente algunhas das obrigas dos usuarios.
- d) Agredir a outros usuarios ou ao persoal dependente do centro.
- e) Causarlle danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento desta.
- f) Causarlle danos por comportamento imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento desta por un importe entre 100 € e 300 € inclusive.
- g) Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
- h) Falsear intencionadamente os datos relativos á entidade, idade ou calquera outro relevante e a suplantación da identidade.
- i) Acumular dúas ou máis faltas leves nun período de 1 ano.
- k) Manipular ou falsificar documentos identificativos, entradas ou bonos.
- l) Non comunicar os danos producidos por un mesmo no prazo de 24 horas.

3. Terán a consideración de infracción moi grave:

- a) Impedir o uso da instalación ou un servizo prestado nesta a outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- b) Impedir ou obstruír o normal funcionamento da instalación.
- c) Causar danos na instalación ou en calquera dos seus equipamentos, infraestrutura ou elementos, por un importe superior a 300 €.
- d) Agredir fisicamente ás persoas que están usando a instalación así como ao persoal que traballa nestas.
- e) Acumular dúas ou máis faltas graves no período dun ano.

ARTIGO 33. SANCIONES

1. Os incumprimentos leves serán castigados cun apercibimento por escrito, unha multa de ata 100 € e/ou a perda temporal da condición de usuario por un período de 1 a 30 días.

2. Os incumprimentos graves serán castigados cunha multa de ata 500 € e/ou coa perda da condición de usuario por un período comprendido entre 31 días e 1 ano se a gravidade deste o fixese necesario.

3. As infraccións moi graves serán sancionadas cunha multa de entre 500,01 e 3000 € e/ou a privación de 1 a 5 anos do uso de todas as instalacións deportivas municipais.

4. Principio de proporcionalidade (Lei galega do deporte):

4.a. No establecemento de sancións pecuniarias deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que para o cumprimento das normas infrinxidas.

4.b. Na determinación do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo e a sanción aplicada.

4.c. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concurrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

4.d. En función das circunstancias previstas nas liñas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

5. A imposición de sancións será compatible coa existencia ao infractor da reposición da situación alterada por el mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados.

6. Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que lle será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el, para o seu pagamento no prazo que se estableza.

7. Serán responsables directos das infraccións os seus autores materiais, cómplices, encubridores e indutores, agás nos supostos de que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, neste caso responderán civilmente por eles os que teñan a custodia legal.

8. Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

9. Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaia o deber legal de prever as infraccións administrativas que outros puideren cometer.

10. No caso de infraccións cometidas por menores, a persoa responsable do centro intentará contactar co seu pai e a súa nai ou, de ser o caso, cos seus titores, a fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios. Así mesmo poderanse poñer os feitos en coñecemento da Fiscalía de Menores.

11. No caso de menores de idade, poderase substituír a sanción que puider impoñerse pola realización de traballos ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

ARTIGO 34. INFRACCIÓN POR ANULACIÓN DA RESERVA DE USO

1. Agás no caso de forza maior, ao se producir o aviso de anulación de reserva dunha IDM cunha antelación inferior a 48 horas e sen causa xustificada, o usuario particular ou colectivo non terá dereito á devolución das taxas.

2. Agás no caso de forza maior, ao non se producir o aviso de anulación de reserva dunha IDM e non existir causa xustificada, o usuario individual ou colectivo non terá dereito á devolución das taxas e será considerado falta leve.

3. As causas de anulación da reserva de uso expostas no terceiro paragrafo do artigo 19 poderán ser consideradas faltas leves. Este tipo de faltas serán acumulativas ao longo da tempada, é dicir, 2 faltas leves terán como consecuencia unha falta grave.

ARTIGO 35. SUPOSTO DE EXENCIÓN DE PAGAMENTO

O Servizo Municipal de Deportes poderá asinar convenios cos clubs do concello do Grove que cumpran as seguintes condicións:

- Ter CATEGORÍA BASE.
- As tarifas que lles cobren aos seus deportistas de base non superarán os 10 €.
- O uso das instalacións será para os deportistas, nunca para os socios.
- Contar cun respaldo dun mínimo de 40 socios.
- Ter seguro de responsabilidade civil.
- Presentar un certificado de solvencia bancaria.
- Participar en competicións oficiais federadas de maneira regular.
- Manter a actividade deportiva un mínimo de 9 meses ao ano.
- Estar inscritos no REDIM e ser declarados de interese municipal, logo da solicitude no Servizo Municipal de Deportes.
- Ser responsables da limpeza dos vestiarios que empregan, así como deixar a pista de xogo nas mesmas condicións en que a atoparon.

CAPÍTULO VIII. DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este novo regulamento derroga o anterior Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais.

ANEXO I: REGULACIÓN ESPECÍFICA DE CADA INSTALACIÓN

CAPÍTULO I. RÉXIME DE USO DO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA VILA

ARTIGO 1. NORMAS ESPECIAIS DE USO DO TERREO DE XOGO

- 1.1. Poderá ser utilizado sempre baixo reserva previa. Terán prioridade de uso os clubs deportivos do Grove.
- 1.2. Deberase utilizar unha correcta indumentaria deportiva, é dicir, acorde ao deporte practicado.
- 1.3. Con carácter xeral, o número máximo de xogadores por espazo deportivo ou pista de xogo virá determinado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.
- 1.4. Respecto ás luces do campo de fútbol, do seu acendido e apagado encargaranse os clubs concesionarios, e se son usuarios particulares, o conserxe da instalación.
- 1.5. Os días de competición permanecerá pechado o campo para os usuarios que non tomen parte nela, nos horarios que se indicará convenientemente.
- 1.6. Non se poden empregar botas con tacos de aluminio.
- 1.7. Non se pode entrar con goma de mascar no terreo de xogo.

ARTIGO 2. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

- 2.1. Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións dos empregados, empregando os vestiarios que lles sexan asignados.
- 2.2. En competicións e demais partidos, o delegado, monitor e/ou adestrador do equipo local será o responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo, do rival e dos xuíces-árbitros.
- 2.3. A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio da pechadura, que custeará o responsable da perda.
- 2.4. Será obrigatorio nas duchas o uso de calzado adecuado por motivos de hixiene.
- 2.5. Á hora de abandonar os vestiarios, estes deben de estar nas mesmas condicións en que foron atopados. De producirse algún dano, débenllo comunicar ao encargado da instalación.
- 2.6. As duchas e a auga destas empregaranse de forma responsable, tendo en conta que os recursos son esgotables.

ARTIGO 3. NORMAS DE COMPETICIÓN

- 3.1. O campo de fútbol abrirase 1 hora antes do comezo do partido.
- 3.2. En encontros de competición oficial, o tempo de quecemento e do partido será de 2 horas e cuarto.
- 3.3. Durante a competición oficial só se lles permitirá permanecer no terreo de xogo (ademais de ao equipo) aos técnicos, delegado de equipo, delegado de campo, masajista e encargado de material.

ARTIGO 4. NORMAS DE USO DO MATERIAL

- 4.1. Cando calquera usuario necesite empregar un determinado material deportivo, deberá solicitarlo ao empregado á súa entrada na instalación, durante os 15 minutos anteriores ao comezo da actividade.
- 4.2. Unha vez terminada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material empregado; no caso de equipos ou grupos, o responsable será o encargado de que isto se efectúe.
- 4.3. No caso de deterioración do material usado, comunicáraselle ao empregado do Concello, que tomará nota da persoa que lle entrega o material deteriorado e das circunstancias en que se produciu tal deterioración. O empregado determinará se a deterioración foi debida ao uso normal e habitual do material, ou ben a un uso incorrecto deste; que no seu caso, deberá ser aboado por parte da persoa ou entidade o importe segundo os prezos de mercado.

ARTIGO 5. NORMAS DE SAÍDA DA INSTALACIÓN

- 5.1. Todos os adestramentos e usos dos módulos e instalacións do campo de fútbol finalizarán ás seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo Concello):
 - De luns a venres: 23.00 h
 - Sábados: 22.00 h
 - Domingos e festivos: 21.00 h
- 5.2. Unha vez rematada a actividade, todos os usuarios abandonarán a instalación nun tempo razoable, non superior a 20 minutos, e entregarán a chave do vestiario.

ARTIGO 6. NORMAS DE USO NOS PARTIDOS OFICIAIS OU AMIGABLES DAS FINS DE SEMANA

- 6.1. A hora de entrada previa ao partido será de 45 minutos a 1 hora antes do comezo.
- 6.2. As fins de semana a hora de entrada non será antes das 15.15 h.

ARTIGO 7. NORMAS DE USO DAS BANCADAS

- 7.1. As bancadas son unha zona reservada ao público.
- 7.2. Nesta zona non está permitido:
 - Fumar.
 - Comer froitos secos con casca ou outros alimentos que orixinen desperdicios.
 - Correr ou xogar, así como accións que poidan molestar a outros usuarios.
 - Lanzar obxectos das bancadas ao campo ou viceversa.
 - Entrar ou permanecer nelas con obxectos ríxidos que poidan deteriorar a instalación ou causarlles dano a outras persoas ou aparellos.

ARTIGO 8. OBRIGAS DOS USUARIOS

- 8.1. Os monitores, instrutores e persoal técnico deberán coñecer, informar e facerlles cumprir as normas xerais e particulares de uso dos diferentes espazos deportivos do campo de fútbol ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.
- 8.2. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e espazo autorizado e deberá ser destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

ARTIGO 9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

9.1. Os empregados do campo de fútbol terán a facultade de suspender o inicio dos partidos ou actividades dirixidas cando se produzan incidencias.

9.2. Todos os accesos ás distintas dependencias do campo de fútbol quedan totalmente prohibidos sen a correspondente autorización.

9.3. Non se poderá consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto (incluído o bar).

*CAPÍTULO II. RÉXIME DE USO DO CAMPO DE FÚTBOL DAS LAMPÁNS**ARTIGO 10. NORMAS ESPECIAIS DE USO DO TERREO DE XOGO*

10.1. Poderá ser utilizado sempre baixo reserva previa. Terán prioridade de uso os clubs deportivos do Grove.

10.2. Deberase utilizar unha correcta indumentaria deportiva, é dicir, acorde ao deporte practicado.

10.3. Con carácter xeral, o número máximo de xogadores por espazo deportivo ou pista de xogo virá determinado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

10.4. Respecto ás luces do campo de fútbol, do seu acendido e apagado encargaranse os clubs concesionarios, e se son usuarios particulares, o conserxe da instalación.

10.5. Os días de competición permanecerá pechado o campo para os usuarios que non tomen parte nela, nos horarios que se indicará convenientemente.

10.6. Non se poden empregar botas con tacos de aluminio.

10.7. Non se pode entrar con goma de mascar no terreo de xogo.

10.8. Da limpeza e coidado do campo encargarase o club concesionario.

ARTIGO 11. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

11.1. Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións dos empregados ou responsables do campo, empregando os vestiarios que lles sexan asignados.

11.2. En competicións e demais partidos, o delegado, monitor e/ou adestrador do equipo local será o responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo, do contrario e dos xuíces-árbitros.

11.3. A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio da pechadura, que custeará o responsable da perda.

11.4. Será obrigatorio nas duchas o uso de calzado adecuado por motivos de hixiene.

11.5. Á hora de abandonar os vestiarios, estes deben de estar nas mesmas condicións en que se atoparon. Se se produce algún dano, deben comunicarllo ao encargado da instalación.

11.6. As duchas e a auga destas empregaranse de forma responsable, tendo en conta que os recursos son esgotables.

11.7. Da limpeza dos vestiarios encargarase o club adxudicatario da concesión de uso.

ARTIGO 12. NORMAS DE COMPETICIÓN

12.1. O campo de fútbol abrírase 1 hora antes do comezo do partido.

12.2. En encontros de competición oficial, o tempo de quecemento e o partido será de 2 horas e cuarto.

12.3. Durante a competición oficial só se lles permitirá permanecer no terreo de xogo (ademais de ao equipo) aos técnicos, delegado de equipo, delegado de campo, masaxista e encargado do material.

ARTIGO 13. NORMAS DE USO DO MATERIAL

13.1. Cando calquera usuario necesite empregar un determinado material deportivo, deberá solicitarlo ao empregado á súa entrada na instalación, durante os 15 minutos anteriores ao comezo da actividade.

13.2. Unha vez terminada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material empregado; no caso de equipos ou grupos, o responsable será o encargado de que isto se efectúe.

13.3. No caso da deterioración do material usado, comunicarásele ao empregado do Concello, que tomará nota da persoa que lle entrega o material deteriorado e das circunstancias en que se produciu tal deterioración. O empregado determinará se a deterioración foi debida ao uso normal e habitual do material, ou ben a un uso incorrecto deste; no seu caso, deberá ser aboado por parte da persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos de mercado.

ARTIGO 14. NORMAS DE SAÍDA DA INSTALACIÓN

14.1. Todos os adestramentos e usos dos módulos e instalacións do campo de fútbol finalizarán ás seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo Concello):

- De luns a venres: 23.00 h
- Sábados: 22.00 h
- Domingos e festivos: 21.00 h

14.2. Rematada a actividade, todos os usuarios abandonarán a instalación nun tempo razoable, non superior a 20 minutos, e entregarán a chave do vestiario.

ARTIGO 15. NORMAS DE USO NOS PARTIDOS OFICIAIS OU AMIGABLES DAS FINS DE SEMANA

15.1. A hora de entrada previa ao partido será de 45 minutos a 1 hora antes do comezo.

15.2. As fins de semana a hora de entrada non será antes das 15.15 h.

ARTIGO 16. NORMAS DE USO DAS BANCADAS

16.1. As bancadas son unha zona reservada ao público.

16.2. Non está permitido nelas:

- Fumar.
- Comer froitos secos con casca ou outros alimentos que orixinen desperdicios.
- Correr ou xogar, así como accións que poidan molestar a outros usuarios.
- Lanzar obxectos das bancadas ao campo ou viceversa.
- Entrar ou permanecer nelas con obxectos ríxidos que poidan deteriorar a instalación ou causarlles dano a outras persoas ou aparellos.

ARTIGO 17. OBRIGAS DOS USUARIOS

17.1. Os monitores, instrutores e persoal técnico deberán coñecer, informar e facerlles cumprir as normas xerais e particulares de uso dos diferentes espazos deportivos do campo de fútbol ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

17.2. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e espazo autorizado e deberá ser destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

ARTIGO 18. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

18.1. Os empregados do campo de fútbol terán a facultade de suspender o inicio dos partidos ou actividades dirixidas cando se produzan incidencias.

18.2. Todos os accesos ás distintas dependencias do campo de fútbol quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

18.3. Non se poderá consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto (incluído o bar).

CAPÍTULO III. RÉXIME DE USO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DO MONTE DA VILA

ARTIGO 19. NORMAS ESPECIAIS DE USO DA PISTA DE XOGO

19.1. Deberá de empregarse un calzado específico, limpo e de sola que non deixe ningún tipo de marca na pista. Este deberá ser diferente ao da rúa.

19.2. Non se poderá acceder mastigando goma de mascar.

19.3. Non poderán realizarse xestos antihixiénicos sobre a pista, como cuspir e asoarse.

19.4. Non poderá introducirse na pista ningún tipo de comida ou bebida, salvo os propios de uso dos deportistas (auga, bebidas isotónicas...).

19.5. Será imprescindible o uso de indumentaria deportiva.

19.6. Os participantes só poderán empregar o espazo deportivo que fora solicitado previamente.

19.7. O adestrador, delegado ou profesor será responsable de que xogadores ou alumnos cumpran os requisitos anteriormente citados.

19.8. Cando un colectivo necesite un tempo superior ao indicado nos horarios, deberá solicitalo con anterioridade.

19.9. Durante os adestramentos só se lles permitirá permanecer nas pistas (ademais de ao equipo) aos técnicos e ao encargado de material.

19.10. Mentres se está realizando calquera actividade non se poderá acceder á pista, agás se se ten a autorización expresa daqueles que están realizando a actividade.

ARTIGO 20. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

20.1. Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións dos empregados, usando os vestiarios que lles sexan asignados.

20.2. En competicións e demais partidos, o delegado, monitor e/ou adestrador do equipo local será responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo, do contrario e dos xuíces-árbitros.

20.3. Cando aos equipos, grupos ou usuarios individuais se lles facilite un vestiario ou armario con chave, esta daráselle á persoa que se faga responsable.

20.4. A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio de pechadura, que custeará o responsable da dita perda.

ARTIGO 21. NORMAS DE COMPETICIÓN

21.1. O pavillón abrirase 1 hora antes do comezo do partido.

21.2. En partidos de competición oficial, o tempo de quecemento e do partido será de 2 horas.

21.3. Durante a competición oficial só se lles permitirá permanecer nas pistas (ademais de ao equipo) aos técnicos, delegado de equipo, delegado de campo e persoal sanitario.

ARTIGO 22. NORMAS DE USO DO MATERIAL

22.1. Cando calquera usuario necesite empregar un determinado material deportivo, deberá solicitarllo ao empregado á súa entrada á instalación, durante os 15 minutos anteriores ao comezo da actividade.

22.2. Unha vez rematada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado; en caso de equipos ou grupos, o responsable será o encargado de que isto se efectúe.

22.3. En caso de deterioración do material empregado, comunicaráselle ao empregado do Concello, tomando este nota da persoa que lle fai entrega do material deteriorado e das circunstancias nas que se produciu tal deterioración. O empregado determinará se a deterioración foi debida ao uso normal e habitual do material ou a un uso incorrecto deste; no cal, deberá ser aboado por parte da persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos do mercado.

ARTIGO 23. NORMAS DE SAÍDA DA INSTALACIÓN

23.1. Todos os adestramentos e usos dos módulos e instalacións do pavillón finalizarán ás seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo Concello):

- De luns a venres: ás 13.30 e ás 23.30 h
- Sábados: ás 14.00 e ás 22.00 h
- Domingos e festivos: ás 14.00 e ás 21.00 h

23.2. Rematada a actividade, todos os usuarios abandonarán a instalación nun tempo razoable, non superior a 20 minutos, e entregarán a chave do vestiario.

23.3. Os responsables da actividade deben revisar que a instalación queda no mesmo estado en que a atoparon, e os últimos do día deben apagar as luces e comprobar que os accesos están pechados.

ARTIGO 24. NORMAS DE USO NOS PARTIDOS OFICIAIS OU AMIGABLES DE FINS DE SEMANA

24.1. A hora de entrada previa ao partido será de 45 minutos antes do comezo.

24.2. A hora de saída pola mañá serán as 14.00 h.

24.3. Os sábados e domingos a hora de entrada pola tarde non será antes das 15.15 h.

24.4. Os festivos (salvo circunstancias excepcionais) non haberá partidos pola tarde.

24.5. No caso de rematar fóra dos horarios de traballo do conserxe da instalación, os responsables dos equipos locatarios deberán facerse cargo de pechar as instalacións e comprobar que todo estea en orde.

ARTIGO 25. NORMAS DE USO DAS BANCADAS

25.1. As bancadas son unha zona reservada ao público.

25.2. Nelas non está permitido:

- Fumar.
- Comer froitos secos con casca ou outros alimentos que orixinen desperdicios.
- Correr ou xogar, así como saltar de chanzo en chanzo ou accións que poidan molestar a outros usuarios.
- Lanzar obxectos da bancada á pista ou viceversa.
- Entrar ou permanecer nelas con obxectos ríxidos que poidan deteriorar a instalación ou causarles dano a outras persoas ou aparellos.

ARTIGO 26. OBRIGAS DOS USUARIOS

26.1. Os monitores, instrutores e persoal técnico deberán coñecer, informar e facerlles cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos do pavillón ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

26.2. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e o espazo autorizado e será destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

ARTIGO 27. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

27.1. Os empregados do pavillón terán a facultade de suspender o inicio de partidos ou actividades cando se produzan incidencias.

27.2. Todos os accesos ás distintas dependencias do pavillón quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

27.3. Non se poderá consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto (incluído o bar).

*CAPÍTULO IV. RÉXIME DE USO DO PAVILLÓN DE CONMENIÑO**ARTIGO 28. NORMAS ESPECIAIS DE USO DA PISTA DE XOGO*

28.1. Deberá de empregarse un calzado específico, limpo e de sola que non deixe marcas de ningún tipo. Este deberá ser diferente ao da rúa.

28.2. Non se poderá acceder mastigando goma de mascar.

28.3. Non poderán realizarse xestos antihixiénicos sobre a pista, como cuspir e asoarse.

28.4. Non poderá introducirse na pista ningún tipo de comida ou bebida, salvo os propios de uso dos deportistas (auga, bebidas isotónicas...).

28.5. Será imprescindible o uso de indumentaria deportiva.

28.6. Os participantes só poderán empregar o espazo deportivo que fora solicitado previamente.

28.7. O adestrador, delegado ou profesor será responsable de que xogadores ou alumnos cumpran os requisitos anteriormente citados.

28.8. Cando un colectivo precise un tempo superior ao indicado nos horarios deberá solicitalo con anterioridade.

28.9. Durante os adestramentos só se lles permitirá permanecer nas pistas (ademais de ao equipo) aos técnicos e ao encargado municipal.

28.10. Mentres se está realizando calquera actividade non se poderá acceder á pista, excepto no caso de se ter a autorización expresa daqueles que están realizando a actividade.

28.11. Esta instalación carece de conserxe fixo, polo tanto, os responsables dos equipos ou o usuario que reservou a pista deberán facerse cargo de abrila e pechala e comprobar que todo estea en orde.

ARTIGO 29. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

29.1. Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións dos empregados, usando os vestiarios que lles sexan asignados.

29.2. En competicións e demais partidos, o delegado, monitor e/ou adestrador do equipo local será responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo, do contrario e dos xuíces-árbitros.

29.3. Cando aos equipos, grupos ou usuarios individuais se lles facilite un vestiario ou armario con chave, esta daráselle á persoa que se faga responsable.

29.4. A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio de pechadura, que custeará o responsable da perda.

ARTIGO 30. NORMAS DE COMPETICIÓN

30.1. O polideportivo abrirase 1 hora antes do comezo do partido.

30.2. En partidos de competición oficial, o tempo de quecemento e do partido será de 2 horas.

30.3. Durante a competición oficial só se lles permitirá permanecer nas pistas (ademais de ao equipo) aos técnicos, delegado de equipo, delegado de campo e persoal sanitario.

ARTIGO 31. NORMAS DE USO DO MATERIAL

31.1. Cando calquera usuario necesite empregar un determinado material deportivo, deberá solicitálo con anterioridade ao comezo da actividade para que lle sexa facilitado.

31.2. Unha vez rematada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado; en caso de equipos ou grupos, o responsable será o seu encargado de que isto se efectúe.

31.3. En caso de deterioración do material empregado, comunicáraselle ao empregado do Concello, tomando este nota da persoa que lle fai entrega do material deteriorado e das circunstancias nas que se produciu tal deterioración. O empregado determinará se a deterioración foi debida ao uso normal e habitual do material, ou ben ao uso incorrecto deste, en tal caso deberá aboar a persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos do mercado.

ARTIGO 32. NORMAS DE SAÍDA DA INSTALACIÓN

32.1. Todos os adestramentos e usos do pavillón finalizarán ás seguintes horas (salvo eventos especiais organizados polo Concello):

- De luns a venres: ás 23.30 h
- Sábados: ás 14.00 e ás 22.00 h
- Domingos e festivos: ás 14.00 e ás 21.00 h

32.2. Unha vez rematada a actividade, todos os usuarios abandonarán a instalación nun tempo razoable, non superior a 20 minutos, e entregarán a chave do vestiario.

32.3. Os responsables da actividade deben revisar que a instalación queda no mesmo estado en que a atoparon, e os últimos do día deben apagar as luces e comprobar que os accesos están pechados.

ARTIGO 33. NORMAS DE USO NOS PARTIDOS OFICIAIS OU AMIGABLES DE FINES DE SEMANA

33.1. A hora de entrada previa ao partido será de 45 minutos antes do comezo.

33.2. A hora de saída pola mañá será ás 14.00 h.

33.3. Os sábados e domingos a hora de entrada pola tarde non será antes das 15.15 h.

33.4. Os festivos non haberá partidos pola tarde, salvo eventos especiais organizados polo Concello.

33.5. Esta instalación carece de conserxe fixo, polo tanto os responsables dos equipos locatarios deberán facerse cargo de pechala e comprobar que todo estea en orde.

ARTIGO 34. NORMAS DE USO DAS BANCADAS

34.1. As bancadas son unha zona reservada ao público.

34.2. Nela non está permitido:

- Fumar.
- Comer froitos secos con casca ou outros alimentos que orixinen desperdicios.
- Correr ou xogar, así como saltar de chanzo en chanzo ou accións que poidan molestar a outros usuarios.
- Lanzar obxectos das bancadas á pista ou viceversa.

ARTIGO 35. OBRIGAS DOS USUARIOS

35.1. Os monitores, instrutores e persoal técnico deberán coñecer, informar e facerlles cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos do pavillón ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

35.2. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e o espazo autorizado e será destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

ARTIGO 36. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

36.1. Os responsables da Instalación terán a facultade de suspender o inicio de partidos ou actividades cando se produzan incidencias.

36.2. Todos os accesos ás distintas dependencias do pavillón quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

36.3. Non se poderá consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto.

*CAPÍTULO V. RÉXIME DE USO DO PAVILLÓN NÁUTICO**ARTIGO 37. NORMAS DE USO DO PAVILLÓN NÁUTICO*

37.1. Poderá utilizarse a través dos programas ofertados polo Concello do Grove, ou polas asociación, federacións, clubs, agrupacións, etcétera, aos que se lles cedera o uso das instalacións.

37.2. Esta instalación carecerá de conserxe de forma permanente no recinto, polo que o usuario desta debe ser responsable do acendido e apagado da iluminación, así como de abrila e pechala. Para calquera incidente disporá dun número de teléfono para chamar ao conserxe de garda.

37.3. Non está permitido:

- Introducir na instalación ningún tipo de comida ou bebida, salvo as propias de uso dos deportistas (auga, bebidas isotónicas...).
- Fumar.

37.4. Será imprescindible o uso de indumentaria deportiva.

37.5. Os participantes só poderán empregar o espazo deportivo que fora solicitado previamente.

37.6. O adestrador, delegado ou profesor será responsable de que xogadores ou alumnos cumpran os requisitos anteriormente citados.

ARTIGO 38. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS

38.1. Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións de uso da instalación, usando os vestiarios asignados para cada equipo ou club.

38.2. No vestiario e na zona de duchas é obrigatorio o uso de chanclas por motivos de hixiene e transmisión de enfermidades.

38.3. Cando aos equipos, grupos ou usuarios individuais se lles facilite un vestiario ou armario con chave, esta daráselle á persoa que se faga responsable.

38.4. A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio de pechadura, que custeará o responsable desta.

ARTIGO 39. NORMAS DE USO DO MATERIAL

39.1. Cando calquera usuario necesite empregar un determinado material deportivo, deberá solicitalo con anterioridade ao comezo da actividade para que lle sexa facilitado.

39.2. Rematada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado; en caso de equipos ou grupos, o responsable será o encargado de que isto se efectúe.

39.3. En caso de deterioración do material empregado, comunicaráselle ao empregado do Concello, tomando este nota da persoa que lle entrega o material deteriorado e das circunstancias en que se produciu tal deterioración. O empregado determinará se a deterioración é debida ao uso normal e habitual do material, ou ben ao uso incorrecto deste, no cal, deberá ser aboado pola persoa ou entidade responsable o importe segundo os prezos do mercado.

ARTIGO 40. NORMAS DE SAÍDA DA INSTALACIÓN

40.1. Todos os adestramentos e usos do pavillón finalizarán ás seguintes horas (salvo autorizacións especiais para deportistas):

- De luns a venres: ás 23.00 h
- Sábados: ás 22.00 h
- Domingos e festivos: ás 14.00 h

40.2. Os responsables da actividade deben revisar que a instalación queda no mesmo estado en que a atoparon, e os últimos do día deben apagar as luces e comprobar que os accesos están pechados.

ARTIGO 41. OBRIGAS DOS USUARIOS

41.1. Os monitores, instrutores e persoal técnico deberán coñecer, informar e facerlles cumprir as normas xerais e particulares de uso dos distintos espazos deportivos do pavillón ás persoas participantes na actividade organizada pola entidade.

41.2. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e o espazo autorizado e será destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

41.3. Os usuarios particulares deberán cubrir a solicitude no prazo establecido e antes da súa utilización, e asinarán un documento onde se exime de toda responsabilidade ao Concello do Grove no caso de conduta negligente, tanto dentro da propia Instalación como á hora de saír ao mar.

41.4. Os clubs deberán posuír, para poder usar da instalación:

- Embarcación motorizada para poder auxiliar aos deportistas así como para que o adestrador poida seguir os adestramentos.

ARTIGO 42. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

42.1. Os responsables da instalación terán a facultade de suspender o inicio de competicións ou actividades cando se produzan incidencias.

42.2. Todos os accesos ás distintas dependencias do pavillón quedan totalmente prohibidas sen a correspondente autorización.

42.3. Non se poderán consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto.

*CAPÍTULO VI. RÉXIME DE USO DO SKATE-PARK**ARTIGO 43. NORMAS DE USO DO SKATE-PARK*

43.1. Permíteselles o acceso á instalación a aquelas persoas con bicicletas, monopatíns e patíns, todos eles específicos para a actividade, sempre e cando teñan o suficiente dominio técnico.

43.2. Será obrigatorio o uso do casco para os patinadores e os “bikers”, e recomendado para os “skaters”.

43.3. Será obrigatorio o uso de protección nos xeonllos, cóbados e pulsos.

43.4. Queda totalmente prohibido o uso de calquera material que poida danar a instalación.

43.5. Non se permite a práctica sen camiseta. Deberá empregarse o vestiario deportivo adecuado.

43.6. En caso de condicións atmosféricas adversas, está prohibido a utilización do skate-park.

43.7. A capacidade máxima é de 20 usuarios de maneira simultánea.

*CAPÍTULO VII. PISTAS POLIDEPORTIVAS DE TERRA DE PORTO**ARTIGO 44. NORMAS ESPECIAIS DE USO DO TERREO DE XOGO DE HERBA SINTÉTICA*

44.1. Poderá ser utilizado gratuitamente, sempre con reserva previa. Terán prioridade de uso as ANPA e as asociacións de veciños, para actos puntuais.

44.2. Deberase utilizar unha correcta indumentaria deportiva, é dicir, acorde co deporte practicado.

44.3. Con carácter xeral, o número máximo de xogadores por espazo deportivo ou pista de xogo virá determinado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

44.4. Respecto ás luces do campo de fútbol, para o seu acendido o campo dispón dun sistema automático que funciona con fichas que se poden adquirir na oficina do técnico deportivo municipal.

44.5. Non se poden empregar botas con tacos de aluminio.

44.6. Non se pode entrar con goma de mascar no terreo de xogo.

44.7. Non se pode acceder á instalación con ningún tipo de alimento, considerándose unha falta grave entrar con froitos secos con casca ou alimentos que deixen restos.

ARTIGO 45. NORMAS DE RESERVA DA INSTALACIÓN

45.1. A reserva do campo en calquera dos seus módulos efectuarase de 10.00 a 16.00 h e de 19.00 a 23.30 h en tramos de, como máximo, hora e media (de luns a venres); os sábados e domingos poderase reservar de 19.00 a 23.30 h.

Nos períodos de vacacións escolares só se poderá reservar de 19.00 a 23.30 h, favorecendo así o uso por parte da xente máis nova.

45.2. Terán prioridade e preferencia as actividades puntuais organizadas polo Concello do Grove.

45.3. Se a pista non está reservada no seguinte tramo, poderán prolongar a utilización os que xa a tiñan reservada.

45.4. É moi importante respectar os horarios de utilización, abandonando a instalación se hai outro grupo con reserva esperando.

45.5. Forma de reservar:

- Mínimo, con 24 horas de antelación.
- Nas oficinas, en horario de 10.00 a 14.00 h (de luns a venres).
- As reservas son por tramos de, como máximo, hora e media, e aboaranse (se é o caso) no acto.
- Soamente se realizará unha reserva por persoa.
- Unha mesma persoa ou grupo non pode facer 2 ou máis reservas consecutivas.

ARTIGO 46. OBRIGAS DOS USUARIOS

46.1. A instalación só poderá ser empregada durante o tempo e espazo autorizados, e deberá ser destinada para o uso exclusivo para o que foi autorizada.

46.2. Os usuarios deben de coñecer o regulamento de uso da instalación e respectalo en todo momento.

ARTIGO 47. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

47.1. Os empregados do Concello do Grove terán a facultade de suspender o inicio dos partidos ou actividades dirixidas cando se produzan incidencias.

47.2. Non se poderá consumir nin vender ningún tipo de bebida alcohólica no recinto.

O Grove, 16 de agosto de 2012.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2012008096

* * *